

Galicia. Velloos retos para unha política educativa

Emilio Crespo Correa

Cando se cerra a edición deste número extraordinario adicado a Galicia, estamos en plena precampaña das eleccións que levarán a constitución do 3º Parlamento Galego e determinarán o futuro Goberno da Xunta.

Con toda probabilidade non será o ensino un tema central do debate político próximo, como tampouco o foi nas eleccións xerais do 29-0, pese a estar anunciada unha profunda Reforma do Sistema Educativo, a importancia social que este servizo público ten, a ser unha das áreas nas que a Comunidade Autónoma ten máis competencias e pese a se-las carencias educativas en Galicia xa endémicas.

Luis Bello retrataba certamente nos seus artigos do ano 29 o estado lamentable da escasa rede escolar galega. Prácticamente ata os anos 70, como xa reflexaba él, o máis presentable da rede escolar galega foi a que construíron os «indianos» (emigrantes galegos como Tomás A. Alonso, García Barbón...). Hoxe, sen dúbida, a situación non é a mesma pero aínda está lonxe de ter superado as grandes deficiencias.

A reforma Villar dos anos 70 aplicada en Galicia trouxo consigo a extensión da escolarización a traveso dun modelo de concentracións escolares amplamente contestado aquí por chocar cunha poboación tan dispersa e cunha rede de comunicacións aínda hoxe tercermundista. Para comprender esta situación pode servi-lo dato de que Galicia representa máis do 40 por 100 do transporte escolar de todo o Estado.

A inversión pública en centros educativos a partires daquela reforma estivo mediatizada tamén polo latrocínio irresponsable de moitos constructores amparados na connivencia do réxime franquista. Deso época proceden os 21 centros públicos de Vigo que foron cerrados apresuradamente, o pasado 6 de xuño, ante o risco de ruína inmediata e dos que 9 tiveron que ser totalmente derruídos.

Esa política educativa, como xa indicábamos antes, ten significado tamén un grande negocio para os empresarios do transporte escolar, en moitas ocasións carentes de escrúpulos. Cúbrese este servizo cunha vetusta flota de autobuses que ten sembrado a nosa xeografía de tráxicos accidentes. Empresarios que teñen contado coa connivencia das autoridades educativas. Exemplo desto foron as presións da patronal que conseguiu o retraso na implantación da revisión técnica da flota e da obrigatoriedade dos tacómetros.

Outro dos fortes lastres que tivo e segue a te-lo sistema educativo en Galicia e o derivado da problemática lingüística: a lingua imposta nas escolas, e aínda hoxe maioritaria nas aulas, non é a lingua de comunicación habitual na meirande parte da sociedade galega. Conflicto que, ademais das desastrosas consecuencias de desarranxo cultural, vén a engadirse ás causas do fracaso escolar. A falla de medidas efectivas que permitan un proceso real de normalización ten sido denominador común dos diferentes gobernos autónomos.

Algúns datos sobre o estado actual de escolarización

O presente curso iniciouse con arredor de 600.000 alumnos e 30.000 profesores. Diante das insistentes demandas de maior inversión educativa a Administración Autonómica apoia a catividade dos presupostos co argumento da baixa demográfica que se está a producir en Galicia, fala da perda de 5.000 alumnos/ano na EXB. Sen dúbida é certa a merma demográfica, pero, aínda así, non parecen xustificadas as cautelas inversoras. Segundo os datos oficiais de que se dispoñen («Galicia en cifras 88» editado pola Consellería de Economía), pasouse de 29,33 alumnos/profesor no EXB no curso 75-76 a 27,96 no 81-82 e a 27,12 alumnos/profesor no curso 86-87, como se ve unha merma apenas significativa que pon de manifesto que o incremento de profesorado segue a ser insuficiente para paliar as deficiencias da escolarización en Galicia, superiores ás de outras áreas xeográficas. Por outro lado, a relación alumnos/unidade pasou tamén nestes cursos de 30,95 a 30,28 e a 29,00, datos que dan idea do atestadas que están as aulas, feito que se agrava nas áreas de poboación máis densa.

Outros datos significativos das carencias educativas son as porcentaxes de ocupación dos postos escolares nos centros de BUP-COU nos que se pasou, tamén nos cursos antes citados, de 85,50 por 100 a 84,80 por 100 e a 92,46 por 100, datos estes que ilustran un feito de sobra coñecido nas grandes vilas de Galicia nas que a oferta de prazas vai sistemáticamente por detrás da demanda. Un exemplo: en Santiago inaugurouse un novo centro no pasado curso e actualmente hai xa un déficit de 300 prazas máis.

Como se pode ver calqueira recorte ou non aplicación do presuposto educativo está totalmente inxustificada para poder garantir o dereito de calquera cidadano a un posto escolar público. Non falemos xa para mellorar a calidade deste posto ou para posibilitar unha política seria de formación continuada do profesorado.

Democratización do sistema educativo

A xestión democrática do sistema educativo segue tamén a ser unha asignatura pendente do ensino en Galicia. As dificultades que topan os Consellos Escolares dos centros para xestionar estes nas condicións que se señalaban máis arriba, hai que engadir unhas normas de funcionamento pouco áxiles e que desvirtúan o seu carácter representativo. Estes Consellos complementáanse con Claustros pouco consolidados polo considerable número de profesores con destino provisional (máis do 20 por 100 do profesorado cambia de centro cada curso). Completa o quadro a inexistencia de persoal administrativo nos centros de EXB. Todas estas dificultades explican en grande medida o por qué moitos centros carecen de candidaturas a equipos de goberno.

Falar de xestión democrática nos centros privados concertados non pasa de ser un eufemismo dado que a LODE consagra o poder casi absoluto do empresario e a Administración Galega vén pechando os ollos ás numerosas irregularidades e incumplimentos da normativa nos centros privados concertados, degradando as condicións laborais do profesorado e dos demais traballadores destes centros.

Hai un retraso moi preocupante na constitución dos Consellos Escolares municipais que a lei recolle, retraso motivado polo desinterés dos gobernos dos concellos cando non pola desconfianza nestes órganos de participación social. Recelos que tamén se constatan no funcionamento do Consello Escolar de Galicia, que corre o risco de ter nacido sen vida como o pon de manifesto o que, ata hoxe, so fora convocado para a súa constitución o 17 de marzo deste ano.

Reforma educativa

A prometida lei sobre a reforma do sistema educativo anunciada para este outono sufrirá outro novo retraso coa desculpa do adiamento das eleccións xerais, non deixa de ser significativo que faltando por cumprir este importante compromiso o Sr. Felipe González dera por rematada a anterior lexislatura. Pero ademais desto, outro tipo de medidas precisas para unha futura reforma tamén están a sufrir importantes retrasos: recentemente foi anunciado un novo aplazamento da posta en funcionamento do novo concurso de traslados do profesorado de EXB que tería que ir acompañado dun incremento importante nas plantillas como recoñecen os responsables da Consellería.

Os centros nos que se leva experimentando a reforma veñense queixando insistentemente do abandono con que son tratados pola Consellería. En épocas anteriores estaban nas mans do equipo da inspección que ten manifestado as súas escasas conviccións reformadoras. Os actuais equipos responsabeis da Reforma e de formación non están contando co necesario recoñecemento da maioría do profesorado, debido en grande medida ó proceso de reclutamento cargado de vellos vicios, e polas grandes dubidas que existen sobre a rentabilidade do seu traballo.

Os incrementos nas partidas destinadas a formación permanente do profesorado aínda sendo significativas, como se recolleu no acordo sindical asinado pola F. do Ensino CC.OO., FETE-UGT, UCSTE, CSIF e a Consellería de Educación o pasado 6 de febreiro, siguen sendo insuficientes para afrontar con garantías de éxito unha reforma seria. O cerre deste número estase a discutir o Plan de Formación do profesorado a 6 anos, se ben a incertidume do panorama político nos leva a acoller con grande escepticismo as posibilidades de compromisos serios.

Reivindicacións sindicais pendentes

O curso pasado estivo marcado fundamentalmente polos procesos negociadores que culminaron nos acordos acadados co MEC o 19 de novembro e coa Consellería o 6 de febreiro.

Do posterior desenvolvemento deriváronse importantes resultados como as subas retributivas no camiño da homologación, coa revisión e redistribución das taboas de específicos. Avances nas cuestións relacionadas coa formación de profesorado en exercicio. Garantías de estabilidade dos interinos de Medias. Novas contratacións no EXB. Equiparación salarial dos interinos cos funcionarios. Colocación do Persoal Vario, etc.

Aqueles acordos abriron tamén a negociación do novo decreto de Concurso de Traslados de EXB, do que tras intensos debates e presións, conseguíuse retirar os aspectos máis negativos que contiña o primeiro borrador.

A F. do Ensino de CC.OO. sigue a pensar que foi un acerto asinar aqueles acordos, acordos que non foron unha concesión gratuita senon que foron fruto da vontade e da presión do conxunto do profesorado.

Dito isto, tamén hai que suliñar que en CC.OO. estamos especialmente preocupados polo incumplimento e a dilación que están a sufrir algúns capítulos do acordo igualmente importantes como: redución da xornada para maiores de 55 anos, revisión do calendario, saúde laboral, normalización lingüística, novo cálculo da homologación, etcétera.

Noutro orde de cousas, o novo decreto de Concurso de Traslados do profesorado de EXB sufriu a última hora unha demora na súa aplicación de tal xeito que non entrará en funcionamento ata o próximo curso. Sen dubida, é certo que para poñelo en marcha queda por regular a acreditación das especialidades de todo o profesorado, a elaboración das

plantillas e a adscripción do persoal con destino definitivo. Pero pode que fora a elaboración das plantillas o que provocara este retraso, e isto porque a ninguen se lle escapa que estas futuras plantillas terán que ser sustancialmente maiores que as actualmente existentes e isto significa compromisos presupostarios que a Administración Central e especialmente a Autonómica se resisten a asumir.

Habrá que estar moi atentos os posibles recortes que traten de introducir, os que teremos que responder con maior contundencia que a suscitada na recolocación do profesorado provisional. A Xunta de Galicia pecha os ollos e négase a recoñecer as necesidades reais de profesorado, e así dase a paradoxa de que nada máis comenzado o curso violase xa o criterio unilateral da Consellería relativo a comarcalización do cupo de substitucións.

Tamén na liña da demanda de maiores investimentos que contribúan a mellora das condicións de traballo e da calidade do servizo educativo segue a ser totalmente necesario loitar pola consecución do persoal de administración e servizos nos centros de EXB, vella aspiración que, como xa se suponía, está a ser obxecto de propaganda electoral.

Igualmente teremos que seguir pelexando pola desaparición das «afíns» no Ensino Medio, pola consecución dos seminarios por materias na Formación Profesional, etc.

No ensino privado ademais da falla total de vontade de diálogo da patronal que está degradando sistemáticamente a negociación colectiva deste sector, fáise cada vez máis necesario un acordo entre sindicatos, patronal e Consellería que permita abordá-la problemática dos traballadores dos centros en crise, acordo que xa existe noutras comunidades e que a Consellería de Educación sigue negándose a discutir. A política da Xunta de concede-los concertos educativos aínda incumplindo as condicións que sinala a LODE non parece a mellor maneira de administra-los recursos públicos.

Santiago, 13 de novembro de 1989